



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA CATORCE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000010

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e tres minutos do día catorce de marzo de dous mil vinte e catro, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 112 de data 13 de marzo/2024 e baixo a Presidencia da tenente alcalde dona Rosa Ana García López: don Benito Manuel Vega Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa. Non asiste por causas xustificadas o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández e dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro e asiste a interventora municipal dona Elisa Marqués Parrilla.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 07.03.24 (ORDINARIA).-

A tenente-alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 07.03.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- PARTICIPAR NA CONVOCATORIA “REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA 2024”.-

Vistas as *Bases reguladoras da programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña e convocatoria para 2024* publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 22 de MARTES 30 de xaneiro de 2024

PROPONSE

Participar en dita convocatoria de solicitude de espectáculos denominada **REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA E CONVOCATORIA PARA 2024** que abrangue os programas de difusión cultural denominados :

ESCENA AO VIVO. Categoría profesional ,

- Programa de espectáculos profesionais de teatro, monicreques, maxia, danza e música para concellos

VISIÓNS. Categoría profesional,

- Programa de cinema e contidos audiovisuais para concellos

ALICERCE. Categoría non profesional,

- Programa de grupos de música, danza e teatro non profesionais para concellos .
LÍNGUA A ESCENA. Categoría profesional.
- Programa de espectáculos profesionais de música, teatro, danza, narración oral e monicreques con contidos específicos orientados á dinamización social da lingua galega, para concellos.

O Concello de Valdoviño fará unha **solicitud titular** axustada aos límites máximos de achega económica da Deputación atendendo á tipoloxía de concello que se indica na convocatoria (30.000,00 euros) subvencionada nun 60% pola Deputación Provincial da Coruña e, a maiores,

O Concello de Valdoviño manifestará a vontade de superar este límite de achega económica da Deputación facendo unha **solicitud complementaria** cos espectáculos ordenados e priorizados para optar á asignación directa dos mesmos unha vez que o Servizo de Cultura da Deputación proceda ao reparto dos remanentes en relación á convocatoria proposta. A solicitud complementaria farase por un importe máximo de 26.000,00 euros. Os espectáculos concedidos na programación complementaria estarán tamén subvencionados ao 60% pola Deputación provincial. Os espectáculos solicitados a través da programación complementaria que non resulten subvencionados serán contratados a título propio polo Concello de Valdoviño ata o límite do orzamento asignado á esta solicitud complementaria

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 13 de marzo de 2024.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández. ”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/A003/000006).

3º.-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: REPARACIÓN E MELLORA DO FIRME DA AVENIDA DE FERROL E DA ESTRADA NA COSTEIRA.-

“EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: REPARACIÓN E MELLORA DO FIRME DA AVENIDA DE FERROL E DA ESTRADA NA COSTEIRA

Expte.- 2023/C003/000003

Visto o expediente de contratación da obra indicada cos seguintes datos e antecedentes:

A Xunta de Goberno Local de data 31 de agosto de 2023 aprobou o expediente de contratación e comezo de adxudicación da obra: “Reparación e mellora do firme da avenida de Ferrol e da estrada na Costeira” incluído no plan POS+2023.

Proxecto redactado por D. Miguel Ángel Fernández Rivera, enxeñeiro de camiños, canais e portos nº 27796. Importe total proxecto: 114.568,90 euros (IVE incluído). IVE: 19.883,86 euros, prezo sen IVE: 94.685,04 euros.

Realizada a publicación da licitación na plataforma de contratos do Estado onde se aloxa o perfil do contratante en data 05/09/2023 e presentadas as ofertas, en sesión de 9 de outubro de 2023 a Mesa de Contratación examinou a documentación administrativa requirida e aportada, resultando finalmente que a única empresa licitadora presentou a documentación completa e correcta quedando admitida na licitación.

En sesión de data 2 de novembro de 2023 a Mesa de Contratación celebrou sesión para apertura do sobre B para apertura de criterios basados en xuízos de valor e unha vez remitida a información polo equipo técnico valoráronse as proposicións técnicas do acordo cos PCAP obtendo un total de 31,00 puntos o único licitador presentado, José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.

En sesión de data 23 de novembro a Mesa de Contratación celebrou sesión para apertura da oferta económica contida no sobre C e procede á valoración da oferta co Programa de Valoración de Ofertas da Deputación Provincial da Coruña empregando como prezo de licitación a cantidade do proxecto sen IVE: 94.685,04 euros.

Comprobado co Programa de Valoración de Ofertas Económicas da Deputación a non existencia de baixa temeraria na oferta a mesa de contratación propuxo ao Órgano de Contratación, a adxudicación do contrato Reforzo de rodadura no camiño de acceso a Outeiro á empresa NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A. motivada a proposta en que foi a única entidade licitadora e en que a súa oferta non está incurso en causa de anormalidade ao coincidir co tipo de licitación e polo que respecta aos demais criterios evaluables automaticamente: “5º.- Declaración responsable de estabilidade no emprego e de mulleres traballadoras Declara responsablemente que na data de publicación da licitación: 5.1.- O número global de persoas traballadoras (homes e mulleres) de persoal é de 34 persoas e, destas, o número de persoas directamente relacionadas coa execución de obras en xeral é de 31 persoas.”

“5.2.- O número particular de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal nos últimos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na plataforma é de 23 persoas o que representa un 67,65% sobre o número global de persoas traballadoras (homes e mulleres) en persoal.”

Comprobado cos pliegos que o abano de puntuación é de 0 a 10 puntos corresponde unha puntuación de 9,02 puntos.

“5.3.- O número particular de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal é de 2 mulleres, o que representa un 8,70% sobre o número global de persoas traballadoras fixas en persoal.”

Comprobado cos pliegos que o abano de puntuación é de 0 a 10 puntos corresponde unha puntuación de 7,25 puntos.

“5.4.- O número de traballadores que sexan contratados nos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación e que procedesen de situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 1 ano no Servizo Público de Emprego, é de 0, o que representa un 0,00 % sobre o persoal global da empresa.”

Comprobado cos pliegos que o abano de puntuación é de 0 a 5 puntos corresponde unha puntuación de 0 puntos.

“6º.- Plan de igualdade:”

O licitador declara a existencia dun plan de Igualdade polo que de acordo cos pliegos corresponde unha puntuación de 5 puntos.

Por conseguinte a Xunta de Goberno Local en sesión de data 07/12/2023 acordou:

“Primeiro.- Considerando que a empresa con NIF A15013162 JOSE NO MANTIÑÁN E HIJOS

CONSTRUCCIONES, S. A. presenta unha oferta que non incorre ne baixa temeraria cun importe:

A) Prezo sen IVE: 94.685,04 euros

B) Impuesto sobre o Valor Engadido (IVA): Porcentaxe: 21 % Importe 19.883,86 euros

C) TOTAL (A+B): 114.568,90 EUROS

Requirir ao devandito licitador para que no prazo de DEZ DÍAS HÁBILES a contar dnde o seguinte

a aquel en que reciba a notificación, PRESENTE a documentación sinalada na cláusula 16.-

Adjudicación do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación, incluída a garantía definitiva (5 % do importe de adjudicación, excluído o IVE: 4.734,25 euros) aos efectos de poder serlle adjudicada a obra Reparación e mellora do firme da Avenida de Ferrol e da estrada en A Costeira.

Segundo.- Notificar o presente acordo á citada entidade mercantil para o seu coñecemento e

efectos.”

A empresa JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S. A. atendeu en prazo o requirimento e tras efectuar as comprobacións pola Sra. Secretaria do Concello, de cumprimento do establecido na cláusula 16.1 do Prego, e que constituíu a garantía definitiva en data 1701/2024 e que consta acreditado no expediente non ter débedas con Concello.

Visto o exposto anteriormente, esta alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adaptación do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Declarar válidas e ratificar todas e cada unha das actuacións e dos acordos da Mesa de Contratación permanente do Concello de Valdoviño, que aparecen reflectidos no expediente de contratación, así como o reflexado nos informes e trámites realizados.

SEGUNDO.- Adjudicarlle á empresa NIF: A15013162 JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S. A. o contrato de obra mencionado no proxecto técnico denominado: “REPARACIÓN E MELLORA DO FIRME DA AVENIDA DE FERROL E DA ESTRADA NA COSTEIRA” POS+2023 no prezo seguinte:

- a) Prezo sen IVE: 94.685,04 €
- b) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21 %. Importe: 19.883,86 €
- c) Total (a+b): **114.568,90 €**

e de acordo co resto das características da súa oferta que constan no expediente, motivado de ser a única oferta presentada e ao non atoparse en baixa temeraria.

TERCEIRO.- Comprometer o gasto (D) con cargo con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900 por importe de 114.568,90 euros.

CUARTO.- Nomear director de obra e coordinador de seguridade e saúde a don Miguel Ángel Fernández Rivera, enxeñeiro de camiños, canais e portos nº 27796.

QUINTO.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria.

SÉTIMO.- Publicar esta adxudicación no perfil do contratante desta entidade (PCSP).

OITAVO.- Requirir ao adxudicatario para a formalización do contrato a contar dende o seguinte a aquel no que reciba a notificación da presente adxudicación.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/C003/000003).

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e dez minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/